

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE OUTUBRO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé
Ramón

Estudantes

Rama Mosquera, Alejandro

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan asistencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Reboreda Morillo, Susana

Estudantes

Rodríguez Álvarez, Lucía

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 20 de outubro ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de xullo de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos cambios na composición das comisións permanente (incorporación do alumno Alejandro Rama Mosquera) e de TFG (incorporación de Domingo Rodríguez Teijeiro como secretario) e prorroga das restantes.
4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao Curso 2022/23, que quedaría composto do seguinte xeito:
Presidente: Prof. Julio Prada Rodríguez.
Secretaria: Prof.^a M^a Beatriz Vaquero Díaz.
Vogal: Prof. Domingo Rodríguez Teijeiro.
5. Aprobación, se procede, do cambio horario da materia de Historia medieval de Galicia (dos mércores de 9-10h e 12-14h. pasa aos martes 9-10h., mércores 12-13h. e xoves 9-10h.).
6. Asuntos de urxencia.
7. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultades que desculpan a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de xullo de 2023.

Aprobase por asentimento.

2. Informe do presidente.

O decano comeza por informar que o día 21 de novembro recibiremos a visita da Comisión encargada da Certificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade. En relación con isto comenta que se atoparon algúns problemas na páxina web relacionados coa non actualización do perfil docente do profesorado para este curso académico que parecen ter a súa orixe na posta en marcha do sistema SIGMA e que xa foron comunicados ao equipo reitoral. Ademais, está previsto que o 26 de outubro se celebre unha reunión co Reitor para tratar abordar a problemática da implantación do novo aplicativo.

A continuación, informa de diferentes solicitudes de recoñecementos que se acompañan á convocatoria correspondentes aos alumnos Caridad Alonso Estruch, Noelia Coxa García, Saleta Sarmiento Fernández e Antón Calvo Laya.

En terceiro lugar, informa de que diverso alumnado semipresencial solicitou reiteradamente do profesorado que non o facía que gravase as clases. Reitera que todos e todas somos conscientes de que non existe obriga nin compromiso na memoria do título de que as clases teñan que ser gravadas, pero o certo é que moito do alumnado que se matricula nesta modalidade interpreta que entre o compromiso de poñer á súa disposición todos os materiais precisos para o seguimento das materias en igualdade de condicións ao resto figuran as devanditas gravacións. Lembra, asemade, que este ano incrementáronse novamente as solicitudes de semipresencialidade (9 alumnos e alumnas en 1º curso; 4 en 2º; 2 en 3º; e 20 en 4º), o que ven a certificar que esta segue sendo unha vía moi importante de captación de alumnado.

O decano informa que só amosou o seu interese por participar no programa MEET-UVigo no bienio 2023/2025 Emilio Rodríguez Álvarez, que ademais é PDI da lista de agarda, o que complica a continuidade da súa figura no programa, polo que se decidiu non solicitar a participación no mesmo para este bienio á espera de que para vindeiras edicións poida haber un maior interese respecto ao mesmo.

Asemade, informa que a finais do mes de setembro saíu a convocatoria dun novo distintivo, o de empregabilidade, que pretende recoñecer os centros que destaquen na promoción activa e permanente da mellora da empregabilidade do seu alumnado con 2.000 € para actividades relacionadas co fomento da empregabilidade do estudantado. Para isto establécense cinco grandes bloques de accións que son:

- Implicación académica medida en porcentaxe do PDI do centro que contribúe á sensibilización en materia de empregabilidade e que

promova a inserción medida en participación en proxectos de investigación ou cooperación e os GID vinculados a esta temática.

- Organización de actividades propias organizadas polo centro, visitas a empresas, etc., apartado no cal facemos as Xornadas de Saídas Profesionais, das que se celebrará unha nova edición on line o venres día 27 de outubro, pero isto se mide en número, non en porcentaxe.
- Implicación na organización das feiras de emprego da Universidade de Vigo. Número de empresas participantes e convidadas polo centro, obtención de orzamento externo, organización de actividades paralelas.
- Implicación nas actividades promovidas pola Área de Emprego e Emprendemento (AEE) da Universidade de Vigo. Realización de sesións de presentación da AEE no centro; difusión das actividades promovidas polo AEE entre o alumnado e persoas tituladas, e que forman parte do pasaporte de empregabilidade; seccións organizadas no centro que forman parte do itinerario EMPREGarte da AEE etc.
- Participación do alumnado. Número porcentual de estudantes e/ou titulados/as de cada centro que participan nas accións promovidas pola AEE (dos cales ten rexistro a AEE): plataforma de ofertas de emprego, programa de innovación aberta Colmea de Ideas, programas de emprendemento (Incubi e Explorer), feiras de emprego, programas de voluntariado, alumni etc.

Engade que a convocatoria non semella moi orientada ás características de Facultades como a nosa, que non semella que poida competir con outras do tipo de ADE e Turismo, por exemplo.

O decano informa que diante dos problemas suscitados con diverso alumnado do PCEO que non formalizou o seu cambio ao novo plan no seu momento e que, en consecuencia, terían que agardar varios anos para poder defender o seu TFG, dende a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente autorizouse a implantación do PCEO do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia na súa totalidade, a partir deste curso académico 2023/2024, especificándose na resolución que a implantación dos cursos cuarto, quinto e sexto non debe supoñer custo adicional algún, no referente a contratación de profesorado.

O decano solicita do profesorado que titoriza alumnado de TFG un esforzo á hora de recordarlle ao seu alumnado a necesidade de renovar a inscrición de título e titor a partires do segundo ano, período de validez da mesma, pola crecente complexidade burocrática que xera o control desta materia.

A continuación lembra ao profesorado que o xoves 26 de outubro celebrárase a segunda sesión das Xornadas Violencia e morte na Historia, que todos os docentes teñen reservado no seu horario como Actividade do Centro. En consecuencia, nesa xornada, o profesorado que teña docencia a partires das 10 da mañá deberá suspendela para permitir que o alumnado acuda ás xornadas e ter prevista unha actividade substitutoria para quen non poida ou non desexe acudir ás mesmas. O profesorado que ten docencia de 9 a 10 pode e debe impartir aulas normalmente.

En relación co Orzamento para o vindeiro ano 2024, o decano informa se produciu unha suba de 740€ no orzamento distribuído polo Centro, que ascende á cantidade de 51.200 €, dos que 1.000€ se reservan para a Delegación de Alumnado. Respecto ao ano anterior realizouse unha pequena reasignación de partidas incrementándose as destinadas a material de oficina, que é a onde se están cargando as partidas de fotocopias que, como xa ten indicado, experimentaron un sensible incremento dende finais do pasado ano, e as destinadas a transporte para facer fronte ao incremento da subida dos prezos do combustible, así como a de traballos realizados por outras empresas que cubre, fundamentalmente, accións destinadas á promoción do Grao. Para compensar este incremento reduciuse o orzamento doutras partidas, entre elas atencións protocolarias, subministracións e gastos diversos.

Engade que viña sendo norma dende que se repartía o antigo VAD da Facultade que o diñeiro que recibía o profesorado, que na actualidade establécese en función das horas de docencia na Facultade, só podía gastarse en material funxible. Este ano, a raíz dunha consulta derivada dunha solicitude dun profesor para gastar ese diñeiro en inventariable relacionado coa docencia, confirmouse que este tipo de material si tiña cabida. En consecuencia, solicita do profesorado unha reflexión acerca do destino que se lle da ao mesmo e os problemas derivados da acumulación de facturas relacionadas con fotocopias nun período moi concreto do ano, poñendo sobre a mesa a posibilidade de que varios docentes poidan xuntar as súas respectivas asignacións para adquirir material inventariable destinado a docencia.

Finalmente, sinala que este ano, con cargo á partida de material inventariable do Centro (625) dotouse á Aula Informática dun novo posto que estaba baleiro por obsolescencia do equipamento existente, substituíronse outros tres monitores e instalouse un novo canón, ademais de substituír o cableado por un novo nanocable con conexión HDMI. Asemade, adquiríronse outros dous monitores para a Secretaría do Decanato, atendéronse diversas peticións de mobiliario e equipamento (monitores, ordenador, pizarra magnética) para os despachos de diverso profesorado e adquiriuse outro canón de reserva que estará almacenado en conserxería para cubrir futuras eventualidades.

3. Aprobación, se procede, dos cambios na composición das comisións permanente (incorporación do alumno Alejandro Rama Mosquera) e de TFG (incorporación de Domingo Rodríguez Teijeiro como secretario) e prorroga das restantes.

O decano informa que é preciso substituír ao anterior representante do alumnado na Comisión Permanente ao ter rematado os seus estudos e propón a incorporación á mesma de D. Alejandro Rama Mosquera, ao cal agradece a súa boa disposición para colaborar coa mesma. Asemade, engade que o profesor Antonio Presedo Garazo solicitou cesar como secretario da Comisión de TFG na xuntanza da mesma do pasado día 9 de outubro por mor das súas obrigas como vicedecano de calidade e coordinador de relacións internacionais. O decano aproveita para agradecéndolle o seu traballo desenvolvido desde a constitución

desta Comisión. Proponse no seu lugar ao profesor Domingo Rodríguez Teijeiro. Finalmente, proponse a renovación dos membros das restantes comisións para que aparezan na web con data de hoxe.

Apróbanse os cambios e renovacións por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao Curso 2022/23, que quedaría composto do seguinte xeito:

Presidente: Prof. Julio Prada Rodríguez.

Secretaria: Prof.^a M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Vogal: Prof. Domingo Rodríguez Teijeiro.

Propón o decano que sexa a prof. Elena de Uña, á que non se puido localizar con anterioridade, quen actúe como presidenta no seu lugar para garantir unha axeitada rotación, xa que el formou parte do tribunal o pasado ano. A prof. Elena de Uña acepta ocupar a presidencia do tribunal que queda constituído como segue:

Presidente: Prof.^a Elena de Uña Álvarez.

Secretaria: Prof.^a M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Vogal: Prof. Domingo Rodríguez Teijeiro.

Aprobase por asentimento a proposta de tribunal co cambio sinalado

5. Aprobación, se procede, do cambio horario da materia de Historia medieval de Galicia (dos mércores de 9-10h e 12-14h. pasa aos martes 9-10h., mércores 12-13h. e xoves 9-10h.).

Apróbase o cambio de horario por asentimento.

6. Asuntos de urxencia.

Non constan.

7. Rolda de intervencións.

Non hai.



Remata a sesión ás 13,04 h do día 20 de outubro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro